

RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba o listado definitivo de solicitudes declaradas procedentes ou improcedentes no procedemento de concesión de comisións de servizos por motivos de saúde, reguladas pola Orde do 28 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 9 de marzo).

De conformidade co disposto no artigo 13 da Orde do 28 de febreiro de 2020 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e a petición da persoa interesada, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración segundo o establecido no seu artigo 11, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG do 16 de febreiro),

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar os listados definitivos de solicitudes de comisión de servizos por motivos de saúde declaradas procedentes e improcedentes.

Segundo. Publicar no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal> os listados citados.

Terceiro. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de internet da Consellería <http://www.edu.xunta.gal>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que resulte competente segundo o establecido na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

